



Confederación Intersindical Galega

www.cig-ensino.com

INFORMA

maio 2009

CIG-Ensino e demais OO.SS. levántanse da Mesa Sectorial diante da actitude da Consellería de non retirar as instrucións para reagrupar alumnado de distintos cursos e ciclos

Hoxe, martes día 26 de maio, estaba convocada a Mesa Sectorial de Ensino non universitario. Previamente a **CIG-Ensino** e o resto das organizacións sindicais con representación nesta Mesa Sectorial (CIG, CCOO, UGT, ANPE, STEG) realizamos unha reunión en que valoramos mantermos unha posición conxunta fronte á Consellería en relación coa circular enviada á inspección para realizar agrupamentos nos centros de Infantil e Primaria.

Nesta reunión acordamos que a posición conxunta fose:

1. A retirada da circular.
2. A negociación dos criterios partindo das instrucións do ano 2003, que deberán ser melloradas, recollendo que haberá que ter en conta o alumnado con NEE, repetidores, a opinión dos centros e a negociación nas Xuntas de Persoal.

A reunión da Mesa Sectorial durou corenta e cinco minutos. A postura da Consellería foi negar o que estaba recollido na circular, dicindo que se trataba dun documento de traballo para coñecer o número de unidades e alumnos por unidade dos centros. Mais, aínda así, non aceptaron a proposta sindical da súa retirada. Desde a **CIG-Ensino** denunciámos con rotundidade que a inspección estaba a aplicar eses criterios e que xa existen datos de supresión como os da provincia de Ourense. Acabaron por admitir que comezaran recibir os datos das inspeccións e sabemos que neles hai propostas de supresión e de redución de vacantes do Concurso de traslados.

Ante a actitude intransigente e negado-

ra da realidade da Consellería, tal e como tiñamos acordado, as organizacións sindicais abandonamos a Mesa e emitimos un comunicado, que reproducimos a seguir, no que se recollen as accións a levar a cabo.

Para a CIG-ENSINO este é un mal comezo, que se suma aos retrocesos que se marcan para o noso idioma. Por este motivo facemos un chamamento a apoiar o escrito da CIG-ENSINO que se vos remitimos aos centros, esixindo a retirada da circular.

Reproducción do comunicado conxunto:

As organizacións sindicais integrantes da Mesa Sectorial de Ensino non universitario, abandonan a Mesa Sectorial até que a Consellería retire a circular sobre agrupamentos de cursos e ciclos en Infantil e Primaria enviada á inspección.

Hoxe, martes día 26 de maio, ao inicio da Mesa Sectorial de Ensino non universitario, as organizacións sindicais con representación nesta Mesa Sectorial reclamaron que se tratase con carácter previo a retirada da circular sobre agrupamentos remitida á Inspección desde a Dirección Xeral de Centros de Recursos Humanos.

Neste previo as OOSS sinalaron a gravidade das instrucións remitidas á inspección e as súas posibles consecuencias en supresión de unidades e postos de traballo. Por este motivo reclamamos unanimemente da Consellería:

3. A retirada da circular.
4. A negociación dos criterios a aplicar partindo das instrucións do ano 2003, que deberán ser melloradas.

A Consellería non se moveu da súa posición e as Organizacións sindicais abandonaron a Mesa Sectorial anunciando que se mobilizarán.

Nunha reunión posterior as Organizacións sindicais acordamos:

1. Emprazar o Conselleiro de Educación para que asuma a retirada da circular e a posterior negociación.
2. Emitir resolucións das Xuntas de Persoal das catro provincias.
3. Levar a cabo unha concentración de delegados e delegadas do Ensino Público o mércores día 3 de xuño, ás 12 da mañá diante de San Caetano.

Santiago, 26 de maio de 2009

CIG

CCOO

UGT

ANPE

STEG

Para máis información consulta a nosa páxina web: www.cig-ensino.com